


Que é o Equipo de Normalización e Dinamización Lingüística?

- É un equipo de traballo que funciona dentro da organización do centro educativo.
- Ten como obxectivo potenciar e promover o uso da lingua, especialmente a galega, en todos os ámbitos da comunidade escolar.
- Actúa baixo a dirección do centro e na súa composición conta con membros do profesorado e do persoal non docente.
- Entre as súas competencias ten un papel destacado no deseño, posta en práctica e na revisión dos programas de normalización, así como na dinamización da lingua no centro educativo.
- Para desenvolver o seu labor, sérvese dun apoio técnico mediante a dotación de recursos económicos, didácticos, pedagóxicos e materiais.
- No curso 2007-2008 o labor do ENDL do noso centro vén de ser recoñecido como un dos mellores da provincia de Lugo.



Equipo de Normalización e Dinamización lingüística



C.E.I.P. "A PONTE"

Paseo Álvaro Cunqueiro, s/n
27004 Lugo

Tfno./fax: 982 221 215
Correo: ceip.aponte@edu.xunta.es
<http://centros.edu.xunta.es/ceipapontelugo>

EQUIPO DE NORMALIZACIÓN E DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA

TRÍPTICO INFORMATIVO



**ENSÍNAME
A TÚA
LINGUA**

- O ENDL ten previsto abordar ao longo do curso diversas actuacións que contribúan a difundir o valor das linguas, especialmente da galega, como un elemento que define ao ser humano e é parte da súa riqueza cultural. Tamén realiza accións conxuntas con outros equipos do centro, como o da biblioteca, sempre co fin de promover o uso e a diversidade das linguas.



IMPORTANCIA DAS LINGUAS

- No mundo fálanse miles de linguas. O galego, pola súa condición de **lingua cooficial**, constitúe unha lingua de tamaño medio no ámbito europeo.



- As **linguas son estruturas vivas** para comunicarse e expresarse, que varían no tempo, no espazo, nos usos, ...
- Todas **teñen o mesmo valor** pero outorgámoslles status distintos en cada momento da historia. *(O galego foi en tempos lingua literaria das Cortes de Castela).*
- **Comprender e falar varias linguas constitúe unha oportunidade** no mundo laboral, tamén en Galicia.

- O coñecemento de máis dunha lingua supón contar con máis referencias para chegar a aprender outras. *(Desde o galego non é difícil acceder ao portugués, ao castelán, ao italiano, ...).*
- O galego é unha lingua minoritaria no mundo pero maioritaria no noso territorio.
- A través da lingua que falamos estruturamos o noso coñecemento do mundo.
- A lingua galega conta cunha historia rica, condicionada polos acontecementos sociopolíticos de cada tempo, *(No medievo gozou do prestixio da lírica e da documentación formal; no século XVI foi eliminada dos usos administrativos e quedou como lingua da casa e dos amigos; no século XIX colle alento e faise máis presente nas actividades das clases acomodadas. Hoxe faise cooficial de Galicia, falada no Parlamento, na T.V., na escola. E no futuro, sen cancelas!).*
- As linguas son todas importantes en tanto que todas as persoas son importantes.
- A familia foi tradicionalmente a principal **responsable da transmisión das linguas**. Hoxe hai outros axentes tamén fundamentais na nosa sociedade. A lingua da casa complétase así co contacto con outras linguas. É unha oportunidade para familiarizarnos con varios idiomas desde pequenos.
- Manter a diversidade de linguas do mundo é unha maneira de garantir a subsistencia da diversidade das culturas.

POR QUE NOS REXEMOS?



O noso centro segue estritamente a normativa establecida. A máis recente, o decreto 124/2007, do 28 de xuño, que regula o uso e a promoción do galego no

sistema educativo.

COMO O FACEMOS?

Levamos a cabo numerosas actividades:

ACTIVIDADES

Contacontos
Concursos
Festas do ciclo anual
Magosto, Entroido, Letras Galegas
Traballos de investigación
Xornal escolar

Non temos que agochar a nosa lingua que foi dos nosos avós e será dos nosos netos.

O galego goza de vitalidade.

Os galegos e as galegas temos futuro e a lingua vai connosco.

